



OBRAIDOIROS PARA O ALUMNADO DO ENREGUÉIFATE 2025-2026



Os obradoiros Enreguéifate enmárcanse dentro do proxecto homónimo organizado polos concellos de Ames, Arzúa, Carballo, Pontevedra, Santiago de Compostela e Teo, co que se procura impulsar a improvisación oral en verso e contribuír a través dela á promoción do uso da lingua galega.

HABILIDADES

A regueifa fomenta a capacidade de articular un discurso improvisado e amplía as aptitudes retóricas. Posibilita un diálogo que saca á luz, dun xeito horizontal, as desigualdades e traballa habilidades como a escoita ou a atención e o respecto pola persoa interlocutora.

Na mocidade, é unha potente ferramenta para desenvolver a autoconsciencia, a seguridade propia e a autoestima nunha etapa de conformación da identidade de cada persoa.

METODOLOXÍA

Partimos dos coñecementos previos do alumnado para propiciar unha aprendizaxe significativa. A interacción é continua e empréganse técnicas de traballo en grupo e de colaboración mutua. Desde o fomento da liberdade discursiva e o diálogo, dáselle azos ao alumnado para que sexa quen de se expresar en público, creando un ambiente de confianza e horizontalidade. Traballamos, pois, partindo da autorregulación grupal, da motivación e do reforzo positivo.

DURACIÓN

A duración de cada obradoiro é de 100 minutos, polo que se desenvolverá en **dúas sesións seguidas** de 50 minutos cada unha (dúas clases).

NIVEIS E NÚMERO DE PARTICIPANTES

Os obradoiros están dirixidos a escolares de 5º e 6º de Educación Primaria (en grupos de **ata 40 persoas**) e alumnado da ESO (en grupos de **ata 30 persoas**).

É **obligatorio** que o/a profesor/a responsable estea presente durante o obradoiro.

REQUISITOS

É preciso dispoñer dun encerado, proxector ou pantalla dixital e conexión á Rede. O alumnado debe dispor de papel e bolígrafo ou lapis.

ALGUNHA DÚBIDA?

Contacta co Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Teo, no correo politicalinguistica@teo.gal ou no teléfono 981 815 700

